

Xéneros cinematográficos

Que é e para que serve

O xénero é (era) o tema da peli.

Non hai unha definición precisa.

No cinema clásico o xénero era identificado automaticamente, en función das súas **características audiovisuais ou narrativas**. Iso é a **clave de Xénero**.

Calquera espectador leva asociadas unhas expectativas en canto ao xénero, que poden condicionar a súa experiencia audiovisual (para mellor ou peor). Polo tanto, a interpretación de calquera película de xénero depende directamente das expectativas do público respecto do xénero.

Exemplo: Blade Runner ⇨ CF + Cine negro



Cine negro: urbano, escuro, corrupción das élites, nocturno, detective solitario con gabardina, *femme fatale*



CF: tecnoloxía nova, arquitectura, centrada na sociedade ou no ecosistema

Blade Runner



Definición

Conxunto de códigos, convencións, e riscos formais, estéticos e argumentais recoñecibles polo público e que permiten establecer unha taxonomía.

O xénero se caracteriza pola especialización do contido narrativo (é o que permite agrupar distintas obras subliñando o que teñen en común).

Un xénero concreto é definido pola similitude (que ten que ter unha peli para estar nesta clasificación?) e a oposición (que diferencia unha peli doutras pelis de xénero distinto?).

Periodos históricos e relación cos xéneros

Na nosa era, a **postmodernidade**, os xéneros non son compartimentos estancos. Directores coma Q. Tarantino misturan maxistralmente distintos xéneros.

O xénero é útil (para o espectador, para o creador e para as empresas) pero pode limitar a creatividade e o consumo de experiencias.

Período	Cine mudo	Cine clásico	Cine Moderno	Cine Postmoderno
Anos de preeminencia	Ata 1930	Ata 1950-1960	Ata 1970-1980	Ata a actualidade
Importancia dos xéneros no cine comercial	Creación e definición dos xéneros	O xénero, moi compartimentado, condiciona a produción	Mistura de xéneros	Disolución dos xéneros

Nota importante: todos os períodos permanecen en activo

Xéneros iniciais

CLÁSICOS (ARISTÓTELES - TEATRO)

COMEDIA

TRAXEDIA (DRAMA)

ÉPICA

(LÍRICA)

CATEGORÍAS CINEMATOGRAFÍCAS

DRAMA

COMEDIA

DOCUMENTAL

ANIMACIÓN

EXPERIMENTACIÓN / ABSTRACCIÓN

En canto á duración: LONGAMETRAXE | CURTAMETRAXE

Algúns xéneros

ESTILO OU TON:

- comedia
- drama
- acción
- aventura
- terror
- CF
- romántico
- musical
- melodrama
- suspense
- fantasía
- erótico
- pornográfico?
- ...

AMBIENTE OU TEMA

- *western*
- histórico
- policial/negro
- bélico
- CF
- Fantasía
- Deportivo
- Gore
- ...

Máis xéneros e subxéneros

- A mistura dos xéneros configura novos xéneros: comedia negra, comedia romántica, histórico-romántica...
- Xéneros por formato ou produción: animación, mudo, sonoro, 3D, de Serie B, independente (indi), *mockumentary*...
- Xéneros pola audiencia: infantil, familiar, adulto...
- Moitos outros: de autor, experimental, serie Z, *slasher*, político, *road movie*, *underground*...




Subxénero, xéneros híbridos, interxéneros

O **subxénero** é unha especialización temática: por exemplo, cine de terror de vampiros. O motivo argumental é o centro da narración, e é habitual que teña un período de auge e outro de decadencia ou esquecemento.

Xéneros híbridos son mistura de xéneros, mostrando características de ambos: comedia dramática, por exemplo. A maioría das pelis da actualidade estarían aquí.

Interxénero é cando unha peli de xénero ten unha entidade propia que permite destacar a súa temática (amor homosexual, por exemplo) ou estrutura (*road movie*, por exemplo).

Exemplos



Características audiovisuais-narrativas

Definición da wikipedia

Drama: normalmente realista, presenta conflitos morais entre os personaxes e resposta emotiva no espectador pois interpela a súa sensibilidade.

Melodrama: drama excesivo con personaxes simplistas (bos vs malos).

Suspense (*Thriller*): película na que predomina o sentimento de incerteza ou ansiedade no espectador provocado polo coñecemento de algo que descoñecen os protagonistas. Non confundir con misterio ou investigación.

Ciencia ficción: presenta un futuro plausible. Non confundir con fantasía.

Actividade de identificación de xéneros

Escolle 3 pelis de 3 xéneros ou subxéneros distintos. Identifica o seu xénero e subxénero e indica que características fílmicas (narrativas, visuais, sonoras...) te permiten facer esa identificación/clasificación.